




Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

O pasado 23 de novembro de 2016 ten entrada neste Concello un escrito presentado pola Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia representada polo seu presidente Miguel Ángel Delgado González, na que se solicita que se xustifique o reintegro do diñeiro conveniado para un Campo de Fútbol en Caión e o pago do Proxecto do mesmo a Naos 04 arquitectos S.L.P.



En relación a isto, indícase o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2009 acordou a iniciación do expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta para a obtención dos terreos necesarios para a construción dun campo de fútbol, acción nº SGE-5 denominada “Campo de fútbol de A Xermaña, Caión” segundo se establece no documento de “Orde de prioridades e estudio económico-financero” do Plan Xeral de Ordenación Municipal e sinada no catálogo de accións de prioridade 1 que corresponde ao primeiro cuatrienio.

O 27 de abril de 2010 procedeuse a levantar actas de pago do xusto prezo e de ocupación dos terreos de parte das fincas afectadas pola expropiación. O 6 de maio de 2010 procedeuse á consignación do xusto prezo das parcelas restantes na Caja General de Depósitos, levantando o mesmo día actas de ocupación das mesmas.

Unha clara indicación de que a construción se quería levar a cabo.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral para o Deporte na súa proposta de actuacións para os anos 2010, 2011 e 2012 incluíu a obra “Campo de fútbol no Concello da Laracha” que foi incluída na Lei de orzamentos do ano 2010, con un financiamento de un millón corenta e nove mil oitocentos vinte euros con sesenta e sete céntimos de euro (1.049.820,67 €).

O 8 de febreiro de 2011 asinouse finalmente o convenio de colaboración entre a Secretaria Xeral para o Deporte e o Concello da Laracha.

Para a execución das obras de “Construción de campo de fútbol e vestiarios” en Xermaña,



parroquia de Caión, deste termo, o concello da Laracha **asume a obriga de redactar o proxecto técnico das obras e de acadar as autorizacións sectoriais necesarias**, tal e como lle indican desde a Secretaría Xeral e se establece no propio Convenio.

O Convenio tiña unha vixencia de ata **o 31 de decembro de 2012**, prazo que non se puido cumprir para a realización da obra, polos motivos que se explican a continuación.

Para acadar as autorizacións necesarias, foi sometido o expediente a información pública de conformidade co establecido no art. 41.2 b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sen que se presentaran reclamacións e remitido os distintos organismos públicos dos que se necesitaba autorización para a viabilidade da parcela.

O expediente remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, aos efectos de Autorización Autónoma en Solo Rústico, regulada no artigo 41 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e a consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da UE que resulten aplicables (dirección xeral de conservación da natureza da Consellería do medio rural) para que remitan informe segundo o sinalado no artigo 39.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitiu informe, de data 10 de maio de 2011, no que indicaba que: *“de conformidade co disposto no artigo 51 da normativa do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, ao abeiro do artigo 16.1 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sen prexuízo doutros informes ou autorizacións legalmente esixibles, e tendo presentes as cuestións anteriormente expostas, infórmase que o proxecto de campo de fútbol no lugar de Xermaña-Caión (A Laracha), tal e como está formulado na documentación remitida é un uso incompatible co Plan*



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

de Ordenación do litoral de Galicia en virtude do artigo 58 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro.”

Polo tanto foi necesario realizar unha Modificación no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello para que se puidese construír nese emprazamento, o que retrasou os prazos previstos.

TERCEIRO.- O 28 de novembro de 2012 por acordo do Pleno da Corporación decidiuse aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L.P, e datado do mes de xullo de 2012 e co rexistro de entrada nº 3066 de 17 de xullo de 2012 e o Informe de Sostibilidade Económica con rexistro de entrada 5307 de 19 de novembro de 2012, que ten por finalidade o cambio de ubicación da parcela de equipamento deportivo que o PXOM establecía no seu documento de “Orde de prioridades e estudio económico – financeiro”, a acción nº SGE-5 denominada “Campo de fútbol de A Xermaña. Caión”, en tanto que este equipamento quedou incluído dentro do ámbito de Especial Protección Costeira do POL, polo que o equipamento previsto quedou baixo un réxime de usos incompatible co previsto no planeamento segundo o informe emitido pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe; simultaneamente elimínase a cualificación de Sistema Xeral de Equipamento que queda incluído dentro do ámbito de Especial Protección Costeira e corríxe un erro detectado na traza do sistema xeral viario próximo á zona de actuación.

No expediente de dita modificación consta que:

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu o 23 de decembro de 2011 non someter esta modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. No período de información pública e consultas do documento de inicio o órgano ambiental recibiu informes de:

- a) Augas de Galicia: informe do 19 de agosto de 2011.
- b) Cámara Oficial Mineira de Galicia: alegacións sen data.



c) Dirección Xeral de Montes: informe técnico do 8 de decembro de 2011.

d) Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe: informe do 20 de decembro de 2011.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o 6 de xullo de 2012 informe previo á aprobación inicial, ao abeiro do disposto no artigo 85.1 da LOUG.

A modificación foi aprobada inicialmente polo Concello Pleno do 26 de xullo de 2012 e sometida a información pública dous meses (DOG do 22 de agosto, *Diario de Bergantiños*, *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia* do 22 de agosto de 2012). A aprobación inicial foi notificada aos concellos limítrofes (Culleredo, Carballo, Arteixo e Cerceda) (artigo 85.2 da LOUG). Non foron presentadas alegacións segundo o certificado do 20 de novembro de 2012.

No expediente constan os seguintes informes sectoriais:

- Consellería de Economía e Industria: informes do 21 de marzo de 2012 e do 5 de setembro de 2012, sobre a inexistencia de dereitos mineiros vixentes no ámbito da modificación.
- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo: informe do 27 de agosto de 2012 da compatibilidade en materia de costas (artigo 117.1 da Lei 22/1988, de costas).
- Augas de Galicia: informe do 6 de setembro de 2012, favorable.
- Deputación Provincial da Coruña: informe do 5 de novembro de 2012, favorable.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: informe do 10 de xaneiro de 2013, favorable.

Constan informes da arquitecta técnica municipal do 3 de abril de 2012 e do secretario do concello do 3 de maio de 2012, sobre a aprobación inicial (artigo 85.1 da LOUG); e do 20 de novembro de 2012, favorables á aprobación provisional.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tif: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o 3 de xaneiro de 2012 informes da conformidade cos instrumentos de ordenación do territorio e coa normativa sectorial en materia de costas.

Consta informe do Servizo de Montes do 27 de febreiro de 2013, sobre a inexistencia de masas forestais e de áreas incendiadas.

A modificación puntual ten por obxecto posibilitar a materialización dun elemento do sistema xeral de equipamentos deportivos (SXE-5 do PXOM, campo de fútbol e instalacións anexas) que contravén o réxime de usos establecido polo Plan de ordenación do litoral para a área de protección costeira por estar situado dentro do ámbito do espazo natural Costa da Morte, declarado polo Decreto 72/2004, tal e como constata o informe da Dirección de Sostibilidade e Paisaxe do 10 de maio de 2011 incorporado ao proxecto.

Ao respecto, a modificación implica:

- Suprimir o sistema xeral de equipamento deportivo no que non afecta as instalacións existentes (polideportivo cuberto e parcela anexa que se manteñen).
- Categorizar como sistema xeral de equipamento deportivo público un ámbito próximo de 33.300 m² (superficie superior á de sistema xeral que se elimina) clasificado no plan xeral como solo urbanizable non delimitado tipo I, dentro da área de ordenación do POL, e darlle unha ordenación detallada co grao de pormenor propio dun plan especial de infraestruturas e dotacións.
- Modificación da traza dun treito de sistema xeral viario municipal próximo ao ámbito para corrixir un erro detectado na análise do medio e adaptalo á realidade.



Os fins da modificación expostos no proxecto pódense resumir en adaptar a ordenación do plan xeral ao Plan de ordenación do litoral de xeito que se posibilite a realización dun equipamento deportivo público, finalidade que pode ter acollida como fin público para fundamentar unha modificación do plan xeral para os efectos do artigo 94.1 da LOUG.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o 3 de xaneiro de 2013 informe de conformidade co plan de ordenación do litoral vixente.

O proxecto aprobado provisoriamente corrixe as observacións formuladas no informe previo á aprobación inicial: corrixe o punto 4.2.1 da normativa, sinalando o equipamento como xeral; e incorpora a ficha modificada da acción SXE-5 e un informe de sustentabilidade económica, que inclúe a valoración do custo da actuación e xustifica o seu financiamento polo concello (artigo 60 da LOUG).

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co disposto nos artigos 89 e 93.4 da LOUG, e no artigo 1 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMATI.

O 8 de maio de 2013 por Resolución do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas outorgase a aprobación definitiva á modificación puntual nº 3 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Laracha, de acordo co establecido no artigo 85.7.a) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, publicada no DOG nº 98 do 24 de maio de 2013.

A normativa e ordenanzas da modificación definitivamente aprobada foi publicada no BOP nº 115 do 18 de xuño de 2013.

CUARTO.- Unha vez realizados os trámites anteriores e vistos os informes da arquitecta técnica municipal e do secretario da Corporación e, tendo en conta que figura no Plan Xeral de



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Ordenación Municipal da Laracha como Sistema Xeral de equipamento deportivo, o Concello poderá iniciar a obtención dos terreos para sistemas xerais por expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta regulado no artigo 143 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 10 de marzo de 2014, adoptou o acordo de incoar expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta a efectos da obtención de terreos destinados a sistemas xerais, necesarios para a construción dun campo de fútbol, equipamento deportivo que o PXOM establecía no seu documento de “Orde de prioridades e estudo económico – financeiro”, a acción nº SGE-5 denominada “Campo de fútbol de A Xermaña. Caión”, segundo **proxecto expropiatorio** redactado ao efecto e que incorpora os documentos sinalados no art. 143.1 da LOUGA, o que conleva implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, segundo o sinalado no 98 da LOUG e o art. 29 do Texto Refundido da Lei do Solo, e todos os trámites necesarios para realizar a dita expropiación.

O que volve a indicar a vontade por parte deste Concello de realizar o Campo de fútbol en canto a economía o permita. Ante a falta de axudas de financiación para a realización do mesmo, e a que actualmente hai outras prioridades sociais, o Concello non dispón do orzamento suficiente para realizar esta obra.

QUINTO.- Naos 04 arquitectos S.L.P. presenta factura de honorarios de realización do proxecto do Campo de fútbol de Caión o pasado 11 de febreiro de 2016, número de rexistro 0823, **proxecto que foi realizado para poder cumprir con todos os trámites expostos anteriormente e que debe ser pagado por parte do Concello da Laracha, a expensas de que a obra se realizase ou non.**

Como ben indica no seu escrito na Sesión Ordinaria do Pleno de data 27 de maio de 2016, aprobouse o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 9/2016, co ditame favorable da Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas para o pago dunha factura que non estaba prevista nos orzamentos do ano 2016, sempre ao amparo da lei.



SEXTO.- Nun punto do seu escrito indica que este Concello non presenta os seus balances de contas ao Consello de Galego de Contas, o que é totalmente incorrecto, tal e como se xustifica ca documentación que se adxunta.

SÉPTIMO.- Tal e como se explicou no punto SEGUNDO, o convenio remataba o 31 de decembro de 2012, o cal non se puido cumprir por parte deste Concello polo explicado nos puntos anteriores. Este Concello non recibiu ningunha cantidade especificada no dito Convenio, polo que a que se adicou a cantidade indicada no mesmo, é unha pregunta a que ten que responder a Secretaría Xeral para o Deporte.

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos, ao abeiro da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (que deroga a Lei 30/1992, de 26 de novembro) e a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en A Laracha, 23 de decembro de 2016.

O alcalde



José Manuel López Varela

Miguel Ángel Delgado González

Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia

R/ Juan Castro Mosquera, 28, 2º dereita

15005 A Coruña